

3.3. AS ÉTICAS FORMAIS OU DO DEBER

As **éticas formais** ou do **deber** están formuladas sen referencia a un contido concreto, senón que fan referencia a condición formal da norma. As características destas éticas son:

- Establecen a **forma xeral ou intención** coa que debemos actuar, sexa cal sexa a conduta concreta de que se trate.
- **Unha conduta é boa se está realizada cunha determinada intención.** Por exemplo, respectar o noso deber ou ser fieis a nós mesmos, independentemente dos resultados e, polo tanto, de se a miña conduta me fai ou non feliz.

As principais éticas formais son as formuladas por **Kant, Habermas e Rawls**.

A) KANT: A ÉTICA DO DEBER (ÉTICA DEONTOLÓXICA)

A primeira formulación dunha ética formal débese ao filósofo alemán **Immanuel Kant**. Segundo este autor, so unha ética de estas características podería ser universal e garantir a **autonomía moral** propia dun ser libre e racional como o ser humano (é unha visión propia da Ilustración s. XVIII).

Segundo Kant, as éticas materiais non son verdadeiras teorías éticas, senón simples códigos morais, pois nos din que debemos facer para conseguir aquilo que nos propoñemos, pero deixan de ter sentido se non se acepta ese fin. Todas as éticas existentes ata ese momento son para Kant éticas materiais xa que nos din cal é o fin que debería intentar lograr o ser humano na vida, e cal é o camiño que debe seguir para alcanzar dito fin.

A forma na que a ética ten de expresar os seus mandatos ou normas é o **imperativo**. Kant vai diferenciar entre **imperativo hipotético** e **imperativo categórico**. O **imperativo hipotético** é a forma que utiliza as éticas materiais para expresar os seus mandatos, son aquelas normas que **están condicionadas polo contido concreto da acción**, pola consecución dun fin concreto. Para Kant, a verdadeira ética (a formal) ten que expresarse a través do **imperativo categórico**, que non esta condicionado por ningún obxectivo ou contido concreto, senón que **expresan a formulación da propia normal**, so deste xeito a norma moral pode alcanzar o estatus de **universalmente válida** e converterse en **lei moral**. Kant propón dúas formulación do imperativo categórico:

1. **“Obra só segundo unha máxima tal que podas querer ao mesmo tempo que se torne en lei universal”.**
2. **“Obra de tal maneira que uses a humanidade, tanto na túa persoa como na persoa de calquer outro, sempre como un fin e nunca como un medio”.**

Agora ben, o motor da acción moral é a **vontade**, xa que é esta facultade a que nos permite determinar a nosa conduta en virtude duns principios. A vontade é a facultade de querer, é unha **boa vontade** é aquela que **quere actuar polo deber**, sen ningunha outra finalidade que o **amor polo deber: querer facer o deber polo deber**. Só unha vontade así pode establecer normas morais con carácter de lei moral universalmente válida, xa que non serán persoas que actúen polas consecuencias das súas accións senón por respecto o deber, con independencia das causas externas.

B) HABERMAS: A ÉTICA DISCURSIVA OU DA COMUNICACIÓN

Esta ética é representada sobre todo polo filósofo alemán **Jürgen Habermas** (1929). O obxectivo da ética comunicativa ou do discurso é establecer as condicións nas que a comunidade podería acadar, a través do diálogo, un consenso universal sobre cales deberían

ser os seus valores, normas e fins morais. As normas acordadas para conseguir esa emancipación teñen como referente a situación concreta da comunidade e non teñen carácter definitivo. Son normas historicamente revisables, expostas a ulteriores procesos de diálogo, como aqueles nos que se produciron.

Segundo o autor, so teñen validez aquelas normas aceptadas por consenso nunha situación ideal de diálogo. Esta situación ideal parte da idea da necesidade de igualdade e imparcialidade, polo que debe cumprir unha serie de requisitos para garantir a xustiza. Entre os máis importantes están:

- Todos os afectados por unha norma deben participar na súa discusión.
- Todos os participantes do diálogo deben ter os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades de argumentar e defender a súa postura.
- Non pode existir coacción de ningún tipo.
- Todos os participantes deben intervir no diálogo tendo como finalidade o entendemento.

C) JOHN RAWLS: O VELO DA IGNORANCIA

John Rawls (1921-2002), filósofo estadounidense, motivado polos mesmos principios de universalidade e imparcialidade que Kant e Habermas, na súa obra *Teoría da xustiza* optó por partir dun recurso enteiramente artificial ao que denominou a **posición orixinal**.

Tratábase de plantexar unha **situación hipotética** na que unha grupo de persoas terían que establecer unha serie de normas de convivencia que ían a ordear a sociedade da que eles tamén ían formar parte, pero coa salvedade de que tiñan que deseñar ditas normas sen coñecer as características de ningún dos seus membros (etnia, sexo, relixión, habilidades,...) nin o lugar que ían a ocupar eles mesmos en dita sociedade.

Este descoñecemento recibe o nome de **velo da ignorancia**, e pretende garantir a imparcialidade dos lexisladores. Deste modo, a situación ideal de diálogo que vimos con Habermas queda aquí asegurada pola posición orixinal, que presupón que si quenes teñen que facer as leis que van a gobernar a sociedade non soubesen despois a que clase social ou que traballo lle ía a tocar desenvolver, mirarían de que ninguén no seu modelo de sociedade saíse perxudicado, co que se garantiría que todo o mundo tivera uns mínimos recoñecidos e respetados.

Deste modo, cabería esperar que acordáranse unha serie de **dereitos básicos** para todo o mundo, tales como liberdade de pensamento, de expresión ou de asociación, así como atención aos menos aventaxados da sociedade, o cal contribuiría a definir unha auténtica ética da xustiza.

4. OUTRAS TEORÍAS ÉTICAS: O EMOTIVISMO DE HUME E A ÉTICA DE MÍNIMOS E MÁXIMOS DE ADELA CORTINA

A) HUME: EMOTIVISMO MORAL

Hume (s. XVIII) é o autor empirista que tivo máis incidencia no desenvolvemento da teoría moral posterior, ata tal punto que deu orixe ao **Emotivismo moral**, chamado así pola **importancia** que concede ao **sentimento** como determinante da acción.

A tese fundamental do Emotivismo é que non hai posibilidade de explicar a moralidade sen recorrer ao sentimento. Trátase dunha **postura oposta** ao **Intelectualismo moral**. Para

Hume a **moralidade básase**, non na razón, senón no **sentimento**. Hume minimiza o papel que a razón desenvolve na moral.

Orientamos as nosas accións mediante xuízos morais. Facemos o que consideramos bo e inhibimos o que consideramos malo. Pero o xuízo moral **supoñe coñecer previamente o bo e o malo, e isto non pode ser establecido pola razón**: nos deixamos levar máis polas **paixóns** que polas ideas. Ademais, **o valor moral dos actos depende do sentimento que suscitan no suxeito**.

A moral se fundamenta en sentimentos. Así, sentímonos a gusto e contentos cando obramos ben, e o contrario, cando obramos mal. **Os sentimentos**, a súa vez, non se **fundamentan** na razón senón **nas crenzas, e éstas son resultado de hábitos, de costumes**.

A moralidade non se basa na razón, senón no sentimento: “se sente máis que se xuzga”. **O sentimento que descobre a virtude e o vicio é de aprobación ou desaprobación**, que son unha forma de sentimento básico de **simpatía**. **O sentimento moral, é un sentimento de aprobación ou reprobación** que experimentamos respecto de certas accións e maneiras de ser dos seres humanos. **É natural e desinteresado**, Agora ben, o que desperta ese sentimento é a **utilidade** da acción contemplada **para a colectividade**: “*Todo o que contribue á felicidade da sociedade merece a nosa aprobación*”. **A ética de Hume é, así emotivista e utilitarista**. Deste modo podemos dicir que a ética de Hume atópase na base do utilitarismo de Bentham e de Stuart Mill.

B) ÉTICA DE MÍNIMOS E ÉTICA DE MÁXIMOS: ADELA CORTINA

A pensadora **Adela Cortina** (1947) distingue dous niveis na ética:

- **A ética de mínimos.** Está formada polos elementos básicos nos que todos podemos estar de acordó e que posibilitan a convivencia e a tolerancia. É o nivel de mínimos o que asegura o respecto e a vida democrática. Os mínimos morais que unha sociedade democrática debe transmitir son principios, valores, actitudes e hábitos aos que non se pode renunciar, pois facelo sería renunciar, á vez, á propia humanidade. A ética de mínimos require como ideal a **xustiza**.
- **A ética de máximos.** Os máximos son os ideais de vida boa, os modelos de excelencia que cada persoa considera como máis perfectos e aos que aspira. Estes modelos de perfección teñen un carácter individual, no sentido no que non poden esixirlos a todo o mundo, xa que non todos compartimos a mesma xerarquía de valores. As éticas da felicidade, son éticas de máximos. Estas éticas promoven ideais de vida boa, e na medida en que resulta boa, aconséllase ou invítase a seguila, pero non se esixe cumprila.